

## Xunta de Delegación da DEAE Ordinaria do 28 de maio de 2021

### **Participantes na Xunta de Delegación:**

#### *Delegados de Cursos:*

*Pablo Magariños Docampo*

#### *Representantes Xunta de Escola:*

*Maruxa Bayón Fernández*

*Uxía Casal Andrade*

*Enrique García García\* (S)*

*Óscar Hermida López (SD)*

*Nicolás Hernández Areal*

*Marcos Porto Diéguez*

*Moisés del Puerto Capelo*

*Sara Del Río Vázquez (T)*

*Pablo Rodríguez Rey\* (D)*

*D: Delegado/a de Centro*

*SD: Subdelegado/a de Centro*

*S: Secretario/a da Delegación*

*T: Tesoureiro/a da Delegación*

#### *Representantes Claustro:*

*Alejandro Sanz Fonta*

*\*Tamén Delegados/Subdelegados de Curso*

### **Excusan a súa ausencia:**

*Gema Acea Otero*

*Cristopher Castro Traba*

*Eugenio Vladislav Cegarra Mauriz*

*Martín Pérez San José*

*Paula Salomón Fonterosa*

*Maria Sampietro Pou*

*Xosé Pérez Blanco*

*Adrián Toba Caamaño*

*Nicolás Jacobo Urcera Rebolledo*

## Xunta de Delegación Ordinaria

*Comeza a sesión con 11 dos 20 membros en segunda convocatoria.*

### 1. Inclusión de puntos se procede

Engádesse un punto para debater a redacción da acta da última Xunta e outro para a elección dun suplente da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos da AEAE.

### 2. Informe de Dirección

O Delegado de Centro, Pablo Rodríguez, comeza explicando brevemente o ocorrido coa carta, entregada ao Reitor da Universidade de Vigo e á Dirección da EEAE. Neste sentido, informa que a Dirección da DEAE se ten reunido con ambas partes. Da reunión coa Dirección da Escola, o Delegado explica que esta vai convocar en breve unha Xunta de Escola na que se explicará todo o ocorrido e na que se incluírán os puntos solicitados pola DEAE.

Con respecto aos trámites sobre a creación dunha conta bancaria para a Asociación, informa que a Dirección decidiu apostar por Caixa Rural Galega para a mesma polas súas baixas comisións, e explica que en breve a tarxeta será emitida. Os primeiros gastos coa conta son o dominio e o *hosting* da web da Delegación, podendo comezar co seu desenvolvemento. Igualmente explica tamén que todo o relacionado con estas novas ferramentas dixitais será explicado a continuación.

### 3. Explicación das novas ferramentas dixitais da DEAE

O Delegado de Centro comeza amosando a páxina web a través do Campus Remoto e explica os seus apartados. A continuación, tanto el coma o Secretario explican que ademais da páxina, a Delegación dispón de correos para cada un dos seus membros que poderán utilizar conxuntamente co entorno de traballo de Google Workspace. O Secretario explica o funcionamento desta ferramenta de Google que inclúe as aplicacións de uso normal como GMail ou Google Drive, mais optimizadas para o traballo en grupo.

Uxía Casal comenta que existe unha errata no apartado da Comisión de Graduación, estando mal escrito. O Secretario explica que fará unha revisión por se hai algunha errata máis. Con respecto á web, Óscar Hermida, o Subdelegado de Centro pregunta se se poderían censurar os comentarios da web. Alejandro Sanz propón, pola súa parte, a inclusión dun código Captcha para evitar que os bots poidan escribir comentarios sen control.

### 4. Elección dun novo ou dunha nova vogal para a AEAE

O Secretario, membro tamén da AEAE, realiza unha pequena intervención na que explica as tarefas que o cargo require e recorda que aínda que algunha persoa candidata non resulte elixida pode participar nas comisións da mesma, poñendo o exemplo de Jorge Pedrosa, que participou en gran medida na Asociación.

Marcos Porto Diéguez preséntase como candidato, resultando elixido por unanimidade.

### 5. Debate sobre a redacción da acta da última Xunta de Delegación

Acórdase non realizar resumo de acordos e realizar un acta breve da mesma.

**6. Elección dun suplente para a Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos**

Acórdase utilizar os resultados da última votación para a elección do suplente, sendo proclamado Nicolás Hernández Areal Suplente da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos da EEAE.

**7. Rogos e preguntas**

Non hai ningún comentario.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a Xunta ás 22:52.

Vigo, a 6 de agosto de 2021

Secretaría da Delegación do Estudiantado da EEAE